

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 25 de maio de 2012

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 25/05/2012.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 25/05/2012.
- III. Solicitud de modificación dos tribunais extraordinarios para materias impartidas polo Departamento de Organización de Empresas e Mercadotecnia.
- IV. Resolución da Comisión Académica do Master Universitario en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultura Inmóbel.
- V. Normativa da E.T.S.E. de Minas para o programa de intercambio ERASMUS.
- VI. Documentación de calidade: Guía/calendario de evidencias.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 11 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 22 de febreiro de 2012 e extraordinarias celebradas o 2 de marzo e o 20 de abril de 2012.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 22 de febreiro de 2012 e extraordinarias celebradas o 2 de marzo e o 20 de abril de 2012.

2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- ❖ A celebración do 20 aniversario da titulación e Enxeñaría de Minas na Universidade de Vigo para o que se está preparando un acto que se vai celebrar o 22 de xuño en horario de mañá no paraninfo da Universidade. Ademais de tentar contar co reitor e representantes da Xunta, concello e colexios profesionais, invítase a todo o profesorado da escola a asistir a dito acto. A charla maxistral correrá a cargo de Don Cesar Gallo, Vicepresidente da Fundación Repsol.
- ❖ A realización, o mércores 30 de maio, e coa finalidade de aumentar a visibilidade do centro, do programa "Hoy por hoy" da cadea SER na aula de grao da escola. Agárdase a presenza do reitor e se invita á comunidade educativa do centro a asistir.
- ❖ O nomeamento do bolseiro de calidade.

3. Aprobación, se procede, da data de celebración da festividade da patroa da Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento que a festividade da patroa da Escola, Santa Bárbara, no vindeiro curso 2012-2013, se celebre o venres 23 de novembro de 2012.

4. Aprobación, se procede, do calendario dos graos para o curso 2012-2013.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, non aprobar ningún calendario para os graos no curso 2012-2013.

5. Aprobación, se procede, do calendario para a titulación de Enxeñaría de Minas no curso 2012-2013.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, non aprobar ningún calendario para a titulación de Enxeñaría de Minas, no curso 2012-2013.

6. Modificación, se procede, de tribunais extraordinarios correspondentes a este curso académico 2011-2012, solicitada polo Departamento de Organización de Empresas e Mercadotecnia.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación dos tribunais extraordinarios solicitada polo Departamento de Organización de Empresas e Mercadotecnia para este curso académico 2011-2012, e que se achega a esta acta como anexo III.

7. Aprobación, se procede, de nomeamento de coordinador/a do 3º curso dos graos impartidos nesta Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento de Don Jorge Carlos Morán Gonzalez como coordinador de 3º curso para o Grao en Enxeñaría da Enerxía e de Don Fernando García Bastante como coordinador de 3º curso para o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

8. Aprobación, se procede, da resolución dunha solicitude de transferencia e recoñecemento de créditos para o Master Universitario en Tecnoloxías para a protección do Patrimonio Cultural Inmóbil.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a solicitude de transferencia de recoñecemento de créditos para o Master Universitario en Tecnoloxías para a protección do Patrimonio Cultural Inmóbil. Achégase como anexo IV a resolución da Comisión Académica de dito Master.

9. Aprobación, se procede, da **NORMATIVA DA E.T.S.E. DE MINAS PARA O PROGRAMA DE INTERCAMBIO ERASMUS** (*).

A Xunta de Escola aproba por asentimento a Normativa da E.T.S.E. de Minas para o Programa de Intercambio Erasmus, aprobada na Comisión Permanente do día 08-02-2012 coa seguinte modificación:

Donde dicía:

“Con relación a este último punto, os estudantes poderán examinarse en segunda convocatoria das materias de matrícula Erasmus na universidade de acollida ou na propia (UVigo). No segundo caso será necesario que modifiquen a tempo o estado da matrícula para poder presentarse aos exames en Vigo, polo que o trámite deberá realizarse nas datas axeitadas antes da convocatoria desexada.”

Debe dicir:

“Con relación a este último punto, os estudantes poderán examinarse en segunda convocatoria (ou no segundo exame da convocatoria para os graos) das materias de matrícula Erasmus na universidade de acollida ou na propia (UVigo). No segundo caso será necesario que modifiquen a tempo o estado da matrícula para poder presentarse aos exames en Vigo, polo que o trámite deberá realizarse nas datas axeitadas antes da convocatoria desexada.”

Achégase a esta acta, como anexo V, a normativa aprobada.

10. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao **Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas** (*).

A Xunta de Escola aproba por asentimento a documentación presentada, relativa ao Plan de Calidade desta Escola: “Guía/calendario de evidencias”.

Achégase como anexo VI a documentación aprobada.

11. Rogos e preguntas.

El sector alumnos roga a convocatoria dunha Xunta de Escola para tratar o punto do calendario dos graos para o curso 2012-2013 e do calendario para a titulación de Enxeñaría de Minas no curso 2012-2013.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 27 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, vinte e cinco de maio de dous mil doce.

Vº e Prace
O Presidente

O Secretario

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 25/05/2012

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 25/05/2012

Asistentes Xunta de Escola ordinaria 25/05/2012

PROFESORES	
1.	Presidente: Pedro Arias Sánchez
2.	Secretario: Enrique Granada Álvarez
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Araújo Fernández, María
5.	Carrillo González, Camilo José
6.	Correa Otero, Antonio
7.	Correa Otero, José María
8.	Eguía Oller, Pablo
9.	García Bastante, Fernando
10.	González Rodríguez, Elena
11.	Liz Marzán, Eduardo
12.	Mandado Vázquez, Alfonso M.
13.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
14.	Rivas Brea, Teresa
15.	Saavedra González, Ángeles
16.	Vázquez Dorrío, José Benito
17.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Casal Echevarría, Alexandre
3.	Castro Filgueira, Uxía
4.	Faro Malvar, Diego
5.	Fernández Rodríguez, David
6.	García Iglesias, Jaime
7.	Gómez Pérez, Gema
8.	González Bello, Marcos
9.	Juncal Rosales, Mariola
10.	López Pereira, Alejandro
11.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
12.	Puga Alonso, Javier
13.	Sánchez Pereira, Lucía
14.	Sanmartín Rey, Susana
15.	Veleiro Pinal, Iván
16.	Vidal Fontenla, Alejandro
PAS	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	48
Asistentes	34

Escusan a súa asistencia:

- Rafael Barrionuevo Giménez
- Enrique Orche García

ANEXO III

**Solicitud de modificación dos tribunais extraordinarios
para materias impartidas polo Departamento de
Organización de Empresas e Mercadotecnia.**

ANEXO IV

Resolución da Comisión Académica do Master Universitario en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultura Inmoble.

ANEXO V

Normativa da E.T.S.E. de Minas para o programa de intercambio ERASMUS.

ANEXO VI

Documentación de calidade: Guía/calendario de evidencias